

# Benvidos ó IES de Barro



Curso 2023-2024

# Equipo directivo

**Carmen Ozón: Secretaria**

**Patricia Carracedo: Xefa de estudos**

**Jairo Fontenla: Director**



# Profesorado

Elena Aznar: Inglés, titora de 4º PDC

Agustín Budiño: Tecnoloxía

Nacho Comesaña: Educación Física. Titor de 1º A

Alberte Fernández: Xeografía e Historia. Titor de 4º

Alicia González: Matemáticas

Susana Lorenzo: Lengua Castellana

Anabel Lareo: Orientación

Toño Pena: Francés. Titor de 1º B

Carme Picallo: Lingua Galega. Titora de 2º A

Araceli Álvarez: Relixión

Maite Rigueira: Educación Plástica. Titora de 3º

Raquel Rodríguez: Matemáticas

Miro Tourís: Música. Titor de 2º B

Consuelo Vázquez (Kika): PT



# Persoal non docente

**Jose Antonio: Conserxe**

**Paula: Administrativa**

**Candela: Limpeza**

**Carmen: Limpeza**



128  
alumnas/os



7 grupos

R|R

# Datos do centro



84 materias



Aula  
materia



Taquillas  
individuais  
nos  
corredores



Instalacións  
e recursos



Edixgal



# Normas de organización e funcionamento do centro (NOFC)

## Respeto

Entre todos os membros da comunidade educativa

---

## Coidado

Dos recursos propios dos alleos e dos do centro

---

## Comunicación

As portas están abertas para toda a comunidade educativa

---

## Obxectivo

Contribuír á formación do noso alumnado

## común

---

## Construtividade

Se queremos todos sumamos

---

# Faltas de asistencia a puntualidade

Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia

Con carácter xeral, teñen a consideración de xustificables as seguintes faltas de asistencia a clase do alumnado:

- a) Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
- b) Morte ou enfermidade grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.
- c) Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
- d) Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos.
- e) Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.

No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepciónais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non. En todo caso, deberá garantirse o dereito á escolarización da alumna ou do alumno.



# Faltas de asistencia a puntualidade

Deben ser xustificadas polo medio que estableza o/a titor/a nas datas próximas á que se levou a cabo.

---

Faltas sen xustificar superiores ó 10% das horas mensuais: Protocolo de absentismo

---

Evitar as faltas de asistencia intencionadas ós exames.  
Promover a organización e a xestión do tempo

---

5 minutos para o cambio de aula. Mais de 5 minutos supón unha falta de puntualidade

---

Puntualidade na entrada ó centro.

---

# Parte de conduta

É unha medida ante o incumplimento das normas do centro

---

Supón sempre a permanencia na aula de convivencia no 2º recreo do día posterior ó que se impuxo.

---

Rexistrarase no aplicativo XADE. As familias recibirán unha notificación a través de Abalar

---

A decisión sobre sancións adicionais que pode levar consigo tómase entre o equipo directivo e o equipo de convivencia analizando a miúdo as circunstancias

---

Evitar agravios comparativos entre o alumnado

---